

# GAÑADOR na categoría de BACHARELATO

JAIME ESTÉVEZ MOREIRA

IES Primeiro de Marzo (Baiona)

## ELOS

6:30. O espertador soaba sempre a esa hora, todos os días do ano sen excepcións. O almorzo, media hora máis tarde. Ata o mediodía adoitaba ocuparse no xardín, ou se cadra limpando e dobrando roupa. Antes do xantar sentábase nas bancadas do parque para ver o partido de baloncesto que alí xogabamos todos os días.

Ás 14:00, o xantar. Facía a dixestión acudindo a unhas reunións relixiosas, soamente para facer da quenda de palabra un arma disciplinaria da que do-tarse. Pasaba o resto da tarde metido no seu pequeno dormitorio, escribindo reflexións nun caderno. A cea, ás 21:30.

Entre toda esta deprimente rutina, sobrevivía o intre no que lle lía un conto a Xacobiño antes de deitarse. Ás veces incluso xogaban ás agachadas, cando ao conto non lle quedaban máis páxinas, e o pequecho sempre gañaba. Iso era o que lle facía erguerse cada mañá. Pechaba os ollos ás 23:00.

E volta a empezar.

A disciplina era a única solución que parecera salvar a Canedo daquel ser que lle bisbaba, magnificando os seus erros, cravándolle o arrepentimento, entolecendo ata a pouca cordura que conservara alá no fondo do siso.

Soamente unha vez á semana rachaba os seus hábitos para conversar coa psicóloga:

–Si, a verdade é que noto melloría, e todo grazas ao meu Xacobiño.

–Canedo... Recordas que o teu fillo xa non está, verdade?